

Santiago, 8 de xuño de 2026

'A pel como testemuña está impulsada pola Asociación Galega de Persoas Transplantadas de Medula Ósea e Enfermidades Oncohematolóxicas

O Hospital HM La Esperanza acolle unha exposición sobre a Enfermidade de Enxerto Contra Receptor

- A mostra reúne retratos e testemuños de pacientes e familiares, algúns deles da área sanitaria de Santiago
- O fotógrafo Xosé Durán, supervivente de leucemia e paciente de EICR, é o autor desta colección que reflicte o impacto físico e emocional da enfermidade, unha das principais complicacións tras o transplante de medula ósea

O Hospital HM La Esperanza acollerá durante o mes de xuño a exposición itinerante "A pel como testemuña, entre a vida e a súa ferida", unha iniciativa organizada pola Asociación Galega de Persoas Transplantadas de Medula Ósea e Enfermidades Oncohematolóxicas (ASOTRAME), coa colaboración da farmacéutica Sanofi. Esta mostra busca dar visibilidade á Enfermidade de Enxerto Contra Receptor (EICR), unha das principais complicacións á que se enfrontan os pacientes transplantados de medula ósea de doante anónimo, e que pode desencadearse ao reaccionar as células do doante contra os tecidos da persoa receptora.

A exposición está composta por unha colección de retratos en branco e negro realizados polo fotógrafo Xosé Durán, sobrevivente de leucemia e paciente de EICR, aos que se suman testemuños breves de pacientes e familiares sobre como conviven con esta patoloxía e as súas consecuencias na vida diaria. Entre os protagonistas da exposición figuran pacientes e coidadores da área sanitaria de Santiago.

A directora médica de HM Hospitales en Santiago, a Dra. Gema Castiñeiras, destaca que "acoller esta exposición no noso hospital supón contribuír a visibilizar, desde unha mirada humana e próxima, unha realidade complexa que afecta profundamente a pacientes e familias", á vez que subliña que os testemuños e retratos da mostra "axudan a comprender o impacto físico e

emocional da EICR e poñen en valor a importancia do acompañamento e a atención integral durante todo o proceso”.

O obxectivo desta iniciativa é ofrecer unha visión global da EICR, tanto na súa forma aguda como crónica, e achegar á sociedade a realidade dunha enfermidade multisistémica que pode afectar a distintos órganos e tecidos. Aínda que a afección cutánea é a manifestación máis frecuente, tamén pode presentarse no aparello dixestivo, o fígado, os pulmóns ou os ollos, xerando secuelas persistentes e un importante impacto na calidade de vida de quen a padece.

HM Hospitales

HM Hospitales é o grupo hospitalario privado de referencia a nivel nacional que basea a súa oferta na excelencia asistencial sumada á investigación, a docencia, a constante innovación tecnolóxica e a publicación de resultados.

Dirixido por médicos e con capital 100% español, conta na actualidade con 7.500 profesionais que concentran os seus esforzos en ofrecer unha medicina de calidade e innovadora centrada no coidado da saúde e o benestar dos seus pacientes e familiares.

HM Hospitales está formado por 50 centros asistenciais: 24 hospitais, 3 centros integrais de alta especialización en Oncoloxía, Cardioloxía, Neurociencias, 5 centros especializados en Medicina da Reprodución, Saúde Ocular, Saúde Bucodental, Medicina Estética e Cirurxía Plástica e Prevención Precoz Personalizada, alén de 18 policlínicos. Todos eles traballan de xeito coordinado para ofrecer unha xestión integral das necesidades e requirimentos dos seus pacientes.

Actualmente, HM Hospitales en Galicia dispón de 4 hospitais con máis de 260 camas e 27 quirófanos que responden a todas as especialidades médicas e cirúrxicas, e conta coa máis avanzada tecnoloxía de diagnóstico por imaxe. Destacan a UCI de adultos e neonatal, os servizos de urxencias 24 horas e urxencias pediátricas, a medicina nuclear e HM Fertility Center, entre outros. Estes recursos veñen sumarse aos do resto do grupo no conxunto de España, todos eles coa maior cualificación técnica e humana.